





## PEQUENO TUTORIAL DE COMO IMPORTAR REXISTROS DE KOHA A MEIGA


### 1. Abre Meiga > "Utilidades" > "Recursos en Internet" > "Catálogos Meiga na rede".




### 2. Abrirase a páxina de "Rede de Bibliotecas de Galicia". Nesta podes buscar libros xa catalogados en bibliotecas públicas que xa contan co programa KOHA como por exemplo a de "Ames – Milladoiro-B.P.M. de Milladoiro. Unha vez seleccionada a biblioteca pincha en "Entrar na biblioteca"




### 3. Automaticamente ábrese a seguinte pantalla, pincha en "Pique aquí para continuar".




4. Na seguinte pantalla podes buscar por ISBN a ficha do libro que esteas a catalogar. Pica en "Buscar".



5. Os datos do libro aparecerán na pantalla, para copialos a Meiga pica "Gardar Rexisto" > "MARC (Unicode/UTF-8, Standard)".



6. Aparecerá unha ventá emerxente. Pica en "Gardar arquivo" > "Aceptar".





7. Dirixete de novo ao programa Meiga, onde estará aberta unha ventá cos datos do libro que queres catalogar. Pica en "Incorporar". O libro xa está gardado no teu rexistro, cambia os campos que consideres necesarios (como o campo "Signtura").

